
ACTUALIZACIÓN DO PLAN DE ACTUACIÓNS ESTRATÉXICAS DA FACULTADE DE HISTORIA. 2019-2021

11/03/2021



Universidade Vigo

Facultade
de Historia

Campus universitario
32004 Ourense
España
Tel. 988 387 101
Fax 988 387 159
historia.uvigo.es
sdefho@uvigo.es

Plan de actuacións estratéxicas da Facultade de Historia do campus de Ourense Universidade de Vigo (2019-2021) Actualizado a 11 de marzo de 2021

1. Introdución

A Facultade de Historia sitúase no campus de Ourense, sendo o único Centro do ámbito das Humanidades. Na actualidade impártense o grao en Xeografía e Historia (modalidade presencial e semipresencial) e o mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural na modalidade semipresencial. Así mesmo participa no Plan Conxunto do grao en Turismo e do grao Xeografía e Historia e no mestrado interuniversitario (UVigo, UdC e USC) en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade, que coordina a USC e coa colaboración da sección de arqueoloxía do CSIC de Galicia. Actualmente a plantilla docente é integrada por 27 persoas (1 catedrática, 9 titulares de universidade, 2 contratadas doutoras, 2 axudantes doutores, 1 contratado "Ramón y Cajal", 7 asociados/as, 4 procedentes da lista de agarda, e 1 contratada predoutoral). Deste grupo teñen docencia maioritaria no Centro 24, dos cales 12 son persoal a tempo completo.

O número de alumnado do centro é de 258 repartidos do modo seguinte: 192 no grao en Xeografía e Historia, 31 no Plan Conxunto en Turismo e Xeografía e Historia, 31 no Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural e 4 no Mestrado interuniversitario en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade.

En xeral, o persoal de Administración e Servizos, salvo o posto de Xefa de Negociado da Área de Asuntos Xerais, adscrita á Secretaría do decanato, desempeña as súas funcións para dous Centros: a Facultade de Historia e a de Ciencias da Educación e Traballo Social con quen tamén compartimos edificios (Edificio de Ferro e Pavillón 2). Outros servizos son compartidos por todos os Centros do Campus.

A maior parte da actividade (docencia, administración e dirección) é desenvolvida no denominado "Edificio de Ferro". Nesta estrutura contamos con 7 aulas, 1 laboratorio informático, 4 laboratorios docentes, o decanato, a secretaría do decanato e a delegación de alumnado. Ademais hai outros espazos que ocupa o PAS (conserxería, secretaría do alumnado e área de apoio a centros e departamentos). No Pavillón 2 –Olga Gallego– localízanse os despachos do profesorado e 2 laboratorios docentes. Un aula está especialmente equipada para a gravación e outra para vídeo conferencia.

Desde o inicio do curso 2020/2021 todas as aulas dispoñen de recursos tecnolóxicos que constitúen as denominadas Aulas Integra e que nestes tempos complicados pola situación de pandemia permiten a denominada docencia síncrona, é dicir, compartir a docencia presencial e virtual. Tamén é posible, se o profesorado o considera, gravar as súas clases.

2. Análise da situación previa

A orixe da facultade remóntase á fundación do Colexio Universitario de Ourense, dependente da USC, no ano 1973. En 1990 prodúcese a segregación do Sistema Universitario Galego e nace a Universidade de Vigo, na que se adscribe o campus de Ourense. Nese momento a Licenciatura de Historia, xunto con outros títulos do ámbito xurídico social, estaba integrada na Facultade de Humanidades. No ano 2002 créase a Facultade de Ciencias de Educación e a nosa licenciatura permanece en solitario na Facultade de Humanidades, que en 2005 pásase a denominar Facultade de Historia, en consonancia co título que se impartía. Seguindo as directrices do Plan Bolonia no curso 2009/2010 comeza a impartirse o grao en Xeografía e Historia.

Este título experimenta unha serie de modificacións orientadas á mellora froito da experiencia, tamén se introduciu a modalidade semipresencial e o Plan Conxunto en do grao en Turismo e do grao en Xeografía e Historia. Estes cambios coherentes tamén obedecían ao plan de viabilidade elaborado polo Centro para superar a escasa matrícula de novo ingreso, por baixo do establecido pola Xunta de Galicia estipulado no art. 6, do Decreto 222/2011 (45 nos campus denominados “periféricos”).

Xunto a estas melloras no plan de estudos, o equipo decanal planificou varias estratexias de captación singularizadas en diferentes receptores/as: a modalidade presencial en centros de Ensinanza Secundaria das provincias de Ourense e Pontevedra e a semipresencial a través fundamentalmente das redes sociais e da páxina web da Facultade.

Outro obxectivo dirixíase a alcanzar unha maior visibilización do Centro e das múltiples actividades que o profesorado realiza (cunha oferta singular en relación con outros centros análogos): a Olimpíada Galega de Historia dirixida ao alumnado de 4º da ESO, xornadas, saídas de estudos, conferencias, ciclos formativos, paralelas a unha reestruturación da páxina web e os seus contidos e un incremento da presenza nas redes sociais. En ambos contextos a actualización é permanente, destacando a transparencia e accesibilidade. Así mesmo, a colaboración con institucións e empresas foi paulatinamente incrementándose e formalizándose a través da oferta da materia de Prácticas Externas cunha amplísima oferta e convenios de I+D+I con obxectivos variados con diferentes concellos da contorna.

En relación coa implantación e desenvolvemento do Sistema de Calidade do Centro, despois dos primeiros pasos, lentos, dados en 2008 coa constitución da Comisión de Calidade e a aprobación do Manual de Sistema de Calidade, obtívose o primeiro informe favorable en 2010. As accións levadas a cabo non experimentaron un avance notable ata o curso 2012/2013 cando se asume a coordinación

de Calidade e se reestrutura a Comisión de Calidade. A partir dese momento se crea un plan de traballo e se protocolarizan todas as accións de acordo co Manual de Calidade, dando prioridade á transparencia e ao cumprimento da Axenda elaborada pola Área de Calidade da UVigo, que se actualiza, en tempo e forma, cada curso académico. Así mesmo, faise efectivo o Plan de Acción Titorial e a elaboración dos consecutivos Informes de Seguimento cos seus respectivos Plans Anuais de Mellora e os Informes Anuais das Titulacións. Nunha seguinte fase acadouse, no curso 2016/2017, a acreditación do grao en Xeografía e Historia e a Certificación do Sistema. No curso 2017/2018 obtívose a acreditación do mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural. No curso 2019/2020 tivo lugar o seguimento da Certificación do Sistema.

Se ben nun primeiro momento a difusión e o apoio á Calidade na nosa comunidade resultaba escasa, a medida que foise avanzando –e se comprobaron os bos resultados- a implicación foi en aumento, especialmente a través da operatividade da Comisión de Calidade que ampliou notablemente a periodicidade das xuntanzas, así como as temáticas debatidas, resultando fundamentais para a mellora do funcionamento do Centro. Por outra parte a colaboración e a acción conxunta nos procesos comentados fomentou a difusión do Sistema.

En todas estas accións existe unha ampla sinerxia entre o equipo decanal e a coordinación de Calidade, sendo preciso constantes diagnoses de todas as cuestións que atinxen ao normal funcionamento da Facultade. Esta análise é compartida pola Comisión de Calidade que, como xa se indicou, dun xeito paulatino, converteu as xuntanzas en sesións de intensos debates coa finalidade de analizar posibles puntos febles e coa idea dunha mellora continua. Esta situación facilitou que o actual equipo decanal decidise dar o paso a establecer unhas liñas estratéxicas do centro, idea moi presente, especialmente, a partir do segundo mandato. Esta intención que anteriormente só era comentada como unha planificación inmediata (un curso académico) nas Comisións de Calidade, veuse reforzada co proceso de Certificación do Sistema, cando a Comisión avaliadora recomendou plasmalo nun proceso protocolarizado. A continuación o equipo decanal e a coordinación de Calidade decidiron propor este proxecto á Comisión de Calidade, onde están representados non só os tres grupos que integran a comunidade (PDI, PAS e alumnado), senón tamén egresadas/os e representantes da sociedade, tanto institucións públicas, como empresas privadas. O primeiro borrador debatido e elaborado por este organismo foi enviado a todos os membros da Xunta de Facultade, ampliando así as consultas que consideramos necesarias para a elaboración final deste documento.
No momento de actualizar este informe, marzo do 2021, acaba de aprobarse o Plan estratéxico da Universidade de Vigo (https://www.uvigo.gal/universidade/informacion-institucional/plans-politicas/plan-estratexico-2021-2026) e o 2º mandato oficial do equipo decanal tocou ao seu fin. Convocadas as eleccións para xaneiro do 2021, ao non haber ningunha candidatura, o reitor prorrogou á decana o seu mandato por seis meses como decana comisaria. Este é o motivo de propor a prórroga deste documento, poñendo ao día os datos recollidos no previo elaborado en novembro do 2018.

3. Diagnóstico interno e análise do entorno

A continuación inclúese no seguinte cadro un diagnóstico esquemático coas fortalezas, debilidades, ameazas e oportunidades da Facultade e da relación coa súa contorna. O contido do seguinte DAFO é produto das expectativas dos grupos que integran o centro, que manifestan a súa opinión a través das xuntanzas coa coordinación de calidade, das enquisas de satisfacción, das enquisas de avaliación docente e do Plan de Acción Titorial. O sistema de Queixas, Suxestións e Parabéns, tamén é unha vía de expresión das necesidades e inquedanzas da comunidade e de axentes externos. Sen dúbida, as dimensións da nosa comunidade supoñen unha enorme vantaxe para unha comunicación fluída que tamén transcorre no día a día nos espazos onde se desenvolve a actividade académica.

No seguinte DAFO se aprecia unha relación estreita con algunhas áreas institucionais, ocupando un lugar destacado a Vicerreitoría de Organización Académica e Profesorado; a de Planificación e Sostibilidade; a de Economía; a de Responsabilidade Social, Internacionalización e Cooperación; a de Captación de Alumnado, Estudantes e Extensión Universitaria, a de Investigación e a de Comunicación e Relacións Institucionais.

Debilidades	**Ameazas**
- Escaso número de PDI contratado fixo e elevada idade media do mesmo. - Dificultades para asumir as tarefas de xestión cos recursos humanos dispoñibles. - Escaso recoñecemento de certas actividades docentes (dirección de traballos académicos e avaliación dos mesmos).	- A situación derivada da COVID-19 - Escaso recoñecemento na sociedade das Humanidades. - Prioridade concedida á USC no SUG. - Compartir espazo e recursos administrativos co centro de maior dimensión do campus de Ourense. - Trabas burocráticas e académicas no desenvolvemento de títulos interuniversitarios.
Fortalezas	**Oportunidades**
- Recursos tecnolóxicos (aulas integra) para a docencia no período de pandemia. - Rápida adaptación da comunidade universitarias ás novidades impostas pola COVID-19. - Ampla oferta en determinadas convocatorias (estadías, prácticas externas) en relación coa demanda.	- Plan Conxunto en Turismo e Xeografía e Historia. - Existencia da modalidade semipresencial (grao e mestrado). - Boa relación coas institucións galegas, especialmente da provincia de Ourense. - Campus urbano.

- Actividades extraacadémicas superiores á media dos centros semellantes do SUG. - Delegación de alumnado activa e colaboradora. - Elevado nivel de compromiso do PDI coas iniciativas propostas. - Excelentes resultados no eido da investigación a través da participación en proxectos competitivos e publicacións de impacto. - Atención personalizada ao alumnado.	- Predisposición do PDI para deseñar e participar en proxectos interdisciplinares. - Existencia dun mestrado de carácter interdisciplinar. - Reparto porcentual dos gastos dos edificios entre os centros que os ocupan.

4. Obxectivos estratéxicos e liñas de acción

4.1. Eixos estratéxicos desenvolvidos (desde o curso 2015/2016 ao 2020/2021)

- No curso 2019/2020, a partir do estado de Alarma decretado pola situación de pandemia, a UVigo desenvolveu o campus remoto, asignando á Facultade espazos en remoto que duplicaban aos espazos físicos (aulas, salas de reunións e despachos do profesorado). Iso e a vontade de toda a comunidade, permitiu a finalización do curso académico cumprindo os obxectivos das Memorias dos seus títulos.

- Para o inicio do curso 2020/2021 todas as aulas da Facultade estaban preparadas para a realización de docencia síncrona.

- Superación do Plan de Viabilidade, ao alcanzar o número de alumnado de primeira matrícula estipulado pola Xunta de Galicia

- Visibilización da facultade e os seus títulos a través do plan de difusión do grao en Xeografía e Historia e captación de novo alumnado, plans de acollida (no que participan axentes do centro, do campus e da universidade), posta en marcha da Olimpíada galega de Historia que facilita a interacción con centros de Ensino Medio, posta en marcha de actividades científicas representativas do perfil do campus (p. ex. III Congreso Internacional da Auga. Espazo, Sociedade e Territorio).

- Transparencia e actualización permanente da información relativa aos títulos e ao Centro principalmente en dúas vías. A páxina web, logrando que sexa intuitiva e de fácil acceso, e unha que vai tomando máis e máis relevancia pola súa adecuación ao perfil do alumnado: as redes sociais (facebook, instagram e twitter). Nun segundo plano, polas menos visitas recibidas, está activo a canle youtube da Facultade, que se alimenta de vídeos propios.

- Superación con resultados satisfactorios dos procesos de acreditación dos títulos vixentes (grao en Xeografía e Historia e mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural), como así mesmo do mestrado interuniversitario que se imparte xunto coa USC (Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade).

- Obtención con resultado satisfactorio da certificación do Sistema de Garantía de Calidade.

- Melloras dos recursos materiais: actualización e renovación dos equipos informáticos obsoletos (laboratorio, aulas docentes e profesorado), acondicionamento das aulas (electrificado e tapizado dos asentos), posta en funcionamento dunha aula para videoconferencia (curso 2014/2015), outra para gravacións (2016/2017), incorporación nos equipos do profesorado de aulas virtuais a través de e-meeting.

- Implantación de novas ofertas académicas. Ampliación das modalidades da impartición do grao en Xeografía e Historia a través da modalidade semipresencial (curso 2014/2015), Plan Conxunto do grao en Turismo e do grao en Xeografía e Historia.

- Interacción coas institucións da contorna a través de convenios de I+D+I que se refiren a diversos encargos científicos (de carácter arqueolóxico, histórico e patrimonial, como tamén de divulgación cultural), especialmente mediante acordos con concellos e institucións (museos e fundacións) da Galicia Meridional.

4.2. Eixos estratéxicos por desenvolver

4.2.1. Reforzo de eixos estratéxicos iniciados

a. Aínda que se formulan novas misións, mantense como horizonte básico a necesaria continuidade dos diversos eixos xa implantados que se manifestan imprescindibles á hora de programar calquera planificación relativa ao noso centro.

b. Ocupa un lugar prioritario a continuidade de implementación dos títulos adecuándose en todo momento ás normas sanitarias derivadas do estado en que se atope a pandemia.

4.2.2. Novos eixos estratéxicos

a. Entre as liñas de actuación programadas ocupa un lugar moi destacado o obxectivo de incrementar a plantilla de profesorado contratado fixo. Desde o curso 2017/2018 vense producindo baixas no PDI con contrato permanente, ademais a elevada media de idade provocan unha situación de necesaria renovación académica, que xa se iniciou timidamente e que precisa reforzarse tanto para o desempeño da xestión como para crear a nova base que asegure a continuidade do Centro. Para iso é necesario difundir a presente situación e negociar en todas as instancias pertinentes tanto a transformación do persoal contratado e debidamente acreditado en persoal fixo e con dedicación exclusiva, como a convocatoria de novas prazas.

b. Un segundo obxectivo diríxese cara a necesidade de restablecer a dignidade do coñecemento humanístico, factor que sen dúbida contribúe a erixir unha sociedade mellor, máis respectuosa coa diversidade, a tolerancia e os valores democráticos. Unha axeitada consideración

social das Humanidades e das competencias que o seu estudo subministra, redundaría positivamente á hora de elixir títulos como os que se imparten no noso centro, e así mesmo a consecuente inserción laboral das/os nosas/os egresadas/os.

d. Un terceiro eixo estratéxico é insistir na relación dos títulos impartidos no centro co desenvolvemento económico da comunidade autónoma galega. Nesta directriz o centro imparte títulos singulares no SUG (grao en Xeografía e Historia e Plan Conxunto do grao en Turismo e do grao en Xeografía e Historia) que aportan unha formación rigorosa, imprescindible á hora de valorizar e dar a coñecer a nosa riqueza histórico-cultural. Esta realidade permite formular como obxectivo a preparación científica de egresadas e egresados competitivos nun mercado laboral fundamental para preservar as riquezas patrimoniais da nosa comunidade.

e. A cuarta liña de actuación diríxese ao incremento das actividades relacionadas coa transferencia do coñecemento e innovación que se materializa en actividades específicas de I+D+I, xa mencionados nos convenios asinados tanto con concellos, como con outras institucións. Estes acordos non só permiten a realización de Prácticas, senón tamén unha investigación financiada dirixida a determinados campos cuxo obxectivo prioritario e dar a coñecer o saber humanístico máis alá do ámbito estritamente académico.

5. Plan de traballo e cronograma

Fase I: Actualización. Segundo cuadrimestre do curso 2020/2021

Actualízase o Plan de actuacións estratéxicas vixente desde o 1º cuadrimestre de 2018 e avalíase na Comisión de Calidade e apróbase na Xunta de Facultade (marzo 2021).

Ao igual que o documento previo, esta actualización será enviada a Área de Calidade da UVigo e difundida na páxina web da Facultade.

Fase II: Implementación (ata inicios de curso 2021/2022)

a. Aspectos de continuidade

- Superar os atrancos ocasionados pola pandemia da COVID-19, continuando co plan formativo de cada título, cumprindo as medidas sanitarias decretadas e adecuando a docencia ás mesmas.
- Plans de promoción e difusión dos títulos coa colaboración da empresa de publicidade Nasas da Coruña e da empresa ourensá de Xestión do Patrimonio, Xeitura, que nos permitan manter o equilibro entre a oferta de prazas e a demanda na primeira matrícula dos títulos.
- Actividades encamiñadas á visibilización do centro e do título como a organización das Olimpíadas galegas de Historia e o I Premio de Innovación docente enfocados ao Ensino de Secundaria, e doutros eventos científicos e divulgativos (xornadas, seminarios, saídas de estudos...).
- Actualización e transparencia da información na web e nas redes sociais.

- Revisión e renovación, se procede, dos recursos materiais do centro (docencia e investigación).

b. Negociación do equipo decanal e a dirección do Departamento de Historia, Arte e Xeografía co equipo reitoral (Reitor e Vicerreitor de Planificación Académica e Profesorado) sobre a ampliación da plantilla de profesorado contratado fixo (segundo cuadrimestre 2020/2021).

c. Para devolver á sociedade a concienciación da relevancia do coñecemento humanístico resulta imprescindible divulgar nos medios de comunicación e redes sociais as actividades desenvolvidas pola comunidade do centro (académicas e extraacadémicas) e a defensa dos valores implícitos ás Humanidades e os beneficios que se derivan dunha sociedade receptiva á cultura (todo o curso 2020/2021).

d. Difusión da innovadora formación adquirida no PCEO en Turismo e Xeografía e Historia, que resposta a unha necesidade prioritaria da Comunidade Autónoma galega como é o coñecemento e preservación do patrimonio cultural. Así mesmo é preciso incidir tanto nas/os empregadoras/es nas competencias acadadas polas/os egresadas/os en Xeografía e Historia, que permiten cubrir expectativas laborais por riba da adquisición de coñecementos e en consonancia coas novas plataformas de transmisión dos coñecementos humanísticos (todo o curso 2020/2021 e 2021/2022).

e. Actualmente a transferencia do coñecemento e a innovación empezan a ocupar un lugar salientable no contexto universitario, como se demostra na primeira convocatoria piloto do Ministerio de Educación e Formación Profesional do sexenio de transferencia. Nesta liña hai que ampliar a interacción do Centro coa contorna que permita a captación de recursos que financien proxectos de investigación, desenvolvemento e innovación, cuxos resultados servirán para concienciar á cidadanía da relevancia do seu pasado histórico e dos recursos patrimoniais e culturais e a súa preservación (curso 2020/2021).